

## LINGUA GALEGA

### 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

Ola nenos e nenas,

Esta terceira semana, na materia de Lingua Galega, repasaremos a Unidade 6 do libro de texto. A continuación tedes as tarefas que debedes realizar. Podedes imprimir as actividades e realizalas neste documento ou podedes facelas no voso caderno. Se as imprimides, recordade pegar as fichas no caderno de galego.

#### ACTIVIDADES OBRIGATORIAS:

1. Completa as seguintes oracións con artigos (o, a, os, as, un, unha, uns, unhas) e con demostrativos (este, esta, estes, estas, ese, esa, eses, esas, aquel, aquela, aqueles, aquelas).

- \_\_\_\_ é \_\_\_\_ xersei que merquei \_\_\_\_ outro día.
- Manuel foi á casa de Uxía para darlle \_\_\_\_ saúdo.
- \_\_\_\_ árbores secaron \_\_\_\_ inverno pasado.
- Onte ía \_\_\_\_ calor espantosa.
- \_\_\_\_ neno xa non é o meu amigo.
- Non vou a \_\_\_\_ partido porque estou mancado nunha perna.
- Penso que nestas caixas están \_\_\_\_ fotografías do avó.
- Lémbrome todos \_\_\_\_ días daquela tarde na piscina.
- \_\_\_\_ libros están tan mal colocados que van caer.
- \_\_\_\_ destes amigos teus foi quen me roubou \_\_\_\_ reloxo.

2. Clasifica agora os determinantes artigos das oracións anteriores en determinados e indeterminados.

Determinados: \_\_\_\_\_

Indeterminados: \_\_\_\_\_

3. Nas oracións do primeiro exercicio hai contraccións. Escríbeas e di as palabras que as forman, igual que nos exemplos.

do (preposición de + artigo o) / nesa (preposición en + demostrativo esa)

---

---

---

---

4. Completa o cadro.

	Singular			Plural	
	Masculino	Feminino	Neutro	Masculino	Feminino
<b>Preto</b>		esta		estes	
<b>Media distancia</b>	ese		iso	eses	esas
<b>Lonxe</b>	aquel	aquela			

5. Escribe catro oracións con algúns dos demostrativos anteriores.

---

---

---

---

**6. Das seguintes palabras, indica as que teñen hiato.**

- Día
- Conferencia
- Rúa
- Astronomía
- Cafeína
- Saúde
- Nai
- Acentúo
- Triunfo
- Baía
- Gratuíto
- Partiu

**7. Elixe unha prenda de roupa que teñas no teu armario e fai unha descrición empregando adxectivos. Recorda fixarte ben nos detalles.**

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

## **ACTIVIDADES OPCIONAIS:**

Como tarefas opcionais déixovos os seguintes enlaces con xogos e actividades divertidas para facer en familia durante estes días de corentena.

### **1. A OCA DE EDUCACIÓN FÍSICA NA CASA.**

[http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/21003608/helvia/sitio/upload/OCA\\_EF\\_EN\\_CASA.pdf](http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/21003608/helvia/sitio/upload/OCA_EF_EN_CASA.pdf)

### **2. PROGRAMA DE OCIO EN CORENTENA (Pulsade os botóns vermellos).**

[https://drive.google.com/file/d/1\\_C4bcbZNhQDghV5Y+bnmNSoFCRswFy2m/view?fbclid=IwAR3kYi80CgJ3rMpNvBdzvrg-ijaRrEGVJfdoMbqaA9XBpUKgvywdfABDvbg](https://drive.google.com/file/d/1_C4bcbZNhQDghV5Y+bnmNSoFCRswFy2m/view?fbclid=IwAR3kYi80CgJ3rMpNvBdzvrg-ijaRrEGVJfdoMbqaA9XBpUKgvywdfABDvbg)

### **3. RECETARIO DIVERTIDO.**

<https://drive.google.com/file/d/197yaDnQWfyUD4W66TjNj5y4g5UL-dela/edit>

Estudade un ratiño todos os días!! Establecedes unha rutina diaria de traballo para non perder o hábito de estudo. Podedes con isto e moito máis!! O truco está en poñer un pouco de esforzo. Ánimo!! Seguro que antes do que pensamos volvemos ao cole para continuar aprendendo xuntos.

**Moito ánimo para vós e para as vosas familias!!**

**Un abrazo moi grande!!**

**Antía**